



Índice do Plan de Internacionalización:

- 1. Introducción**
- 2. Contexto**
- 3. Detección de necesidades**
- 4. Obxectivos**
 - 4.1 Obxectivos Xerais**
 - 4.2 Obxectivos específicos**
- 5. Organización e Coordinación**
- 6. Temporalización das actuacións previstas**
- 7. Avaliación**



1. INTRODUCCIÓN

A internacionalización dun centro educativo situado nun entorno semirural como o noso representa unha oportunidade única para ampliar horizontes, superar barreiras xeográficas e preparar á comunidade escolar para os desafíos dun mundo globalizado. Nestes contextos, onde o acceso a experiencias multiculturais e recursos educativos innovadores pode ser máis limitado, os programas internacionais como o Erasmus+ convértese nunha ferramenta clave para conectar aos estudantes e docentes con realidades diversas e enriquecedoras.

Promover a internacionalización non só mellora a competencia lingüística e cultural do alumnado, senón que tamén fomenta valores como a tolerancia, a sostibilidade e a cooperación global. Así mesmo, permite ao centro posicionarse como un referente educativo capaz de integrar metodoloxías innovadoras e alianzas estratéxicas, beneficiando tanto á comunidade local como ao desenvolvemento profesional do profesorado.

Nun mundo interconectado, internacionalizar un centro nun entorno semirural non é un luxo, senón unha necesidade estratéxica para garantir unha educación integral, igualitaria e de calidade que prepare aos estudantes para ser cidadáns do futuro, comprometidos e con perspectivas globais.

Este plan está en consonancia cos ODS 2030 (Obxectivos de Desenvolvemento Sostible) que representan un marco global para comprender os desafíos do mundo, onde a internacionalización se entende como un eixo crucial. En particular, entre as claves de internacionalización establecidas na axenda 2030, destacamos as seguintes:

- Priorizar a sostibilidade e o turismo sostible
- Adaptarse ás necesidades locais
- Impulsar a innovación, ciencia e tecnoloxía
- Promover a inclusión e equidade
- Fortalecer alianzas mediante a cooperación internacional



2. CONTEXTO

O IES *Xesús Taboada Chivite*, situado en Verín, conta con aproximadamente 400 alumnos/as e unha traxectoria recoñecida en programas Erasmus, o que demostra unha experiencia previa na xestión de proxectos de mobilidade internacional.

Esta localización combina un ambiente tranquilo, propicio para a aprendizaxe, con certas ameazas. Estas ameazas están relacionadas co acceso limitado a recursos e tamén relacionadas cunha comunidade escolar que, en ocasións, presenta baixa implicación por parte das familias e pouca motivación por parte do alumnado, principalmente o alumnado de minorías étnicas e alumnado estranxeiro de incorporación ao sistema educativo, con descoñecemento total das dúas linguas oficiais de Galicia.

A noxa traxectoria en internacionalización comezou xa no ano 2007 coa irmandade establecida co centro luso Liceo Fernão de Magalhães de Chaves e mantida no tempo a través de distintos encontros luso-galaicos que só a pandemia mundial foi quen de interromper.

Este primeiro chanzo no eido da internacionalización atopou a súa continuidade en varios proxectos eTwinning e na asociación multilateral Comenius (**011-1-DK1-COM06- 035372**) titulado “**Young Students in Europe**” co instituto VUC de Lyngby (Dinamarca) e co liceo Marco Belli de Portogruaro (Italia). Esta asociación multilateral con intercambio de alumnado prendeu a chama da internacionalización que xa non se apagou nunca.

A esta experiencia seguiron outras moitas como o proxecto Erasmus KA229 (**2019-1-FI01-KA229-060742_5**) titulado “Sharing4Caring”, froito dun proxecto eTwinning, que empezou no ano 2019 e que rematou no 2022, obrigados a adiar as mobilidades debido á pandemia da COVID-19. Nesa ocasión traballamos cos centros: Uudenkaupungin Yhtenäiskoulu (Finlandia), Istituto Statele F. Palizzi (Italia), Agrupamento de Escolas Afonso Henriques (Portugal) e Pasaréti Szabó Lőrinc Magyar-Angol Két Tanítási Nyelvű Általános Iskola és Gimnázium (Hungría).



De novo, seguindo a estela da internacionalización, solicitamos no ano 2020 un proxecto KA101 “Opening2Diversity” (**2020- KA101-99378B28**) de mobilidade de persoal docente e do que nos concederon 11 mobilidades (6 job shadowing e 5 cursos estruturados) en países como Malta, Reino Unido, Hungría, Finlandia, Portugal e Italia.

Este percorrido previo fixo que nos concederan a **acreditación Erasmus+** no ano 2022 (**2022-1-ES01-KA120-SCH-000105101**).

Como vemos esta participación previa do centro en proxectos europeos permitiunos establecer contactos internacionais, fomentar a competencia intercultural e lingüística entre o alumnado e profesorado, e desenvolver habilidades clave relacionadas coas áreas STEAM, sostibilidade e comunicación en linguas estranxeiras. Porén, o impacto destas iniciativas aínda non alcanzou o seu máximo potencial, o que suxire a necesidade dun enfoque estratéxico máis amplo e sostible.



3. DETECCIÓN DE NECESIDADES

1. Fortalecimiento da Competencia Lingüística

- **Necesidade:** Mellorar o nivel de linguas estranxeiras do alumnado e do profesorado para garantir unha comunicación máis efectiva durante as mobilidades e proxectos internacionais.
- **Indicadores:** Resultados medios en probas de inglés, inseguridade no uso do idioma por parte do profesorado e alumnado, baixa participación en actividades que requiran expresarse en linguas estranxeiras.

2. Motivación do Alumnado

- **Necesidade:** Incrementar a motivación e o interese do alumnado pertencente a minorías étnicas e de orixe estranxeira por participar en actividades internacionais, promovendo a súa implicación activa.
- **Indicadores:** Baixa participación voluntaria en proxectos, escaso entusiasmo do alumnado que pertence a minorías étnicas e de orixe estranxeira por actividades extracurriculares internacionais.

3. Maior Implicación Familiar

- **Necesidade:** Fomentar a participación e o apoio das familias en actividades relacionadas coa internacionalización.
- **Indicadores:** Asistencia reducida das familias a reunións informativas e actividades de difusión de proxectos Erasmus+.

4. Ampliación de Alianzas Internacionais

- **Necesidade:** Diversificar os países socios participantes nos proxectos Erasmus+ para aumentar o impacto cultural e pedagóxico.
- **Indicadores:** Dependencia dun número reducido de socios habituais.



5. Incorporación de Áreas Estratéxicas

- **Necesidade:** Aliñar os proxectos internacionais con prioridades clave do centro, como o coidado do medio ambiente, o desenvolvemento de competencias STEAM, a inclusión educativa e a integración de metodoloxías innovadoras na aula.
- **Indicadores:** Proxectos actuais centrados en áreas xerais e non necesariamente aliñados co plan estratéxico do centro.

6. Formación e Recursos para el Profesorado

- **Necesidade:** Asegurar que o profesorado conte coas ferramentas e formación necesarias para liderar iniciativas internacionais e desenvolver proxectos innovadores.
- **Indicadores:** Falta de formación específica en metodoloxías internacionais entre parte do persoal docente.

7. Difusión e Sensibilización

- **Necesidade:** Mellorar as estratexias de difusión para aumentar o coñecemento e impacto dos proxectos na comunidade educativa e no entorno local.
- **Indicadores:** Baixo nivel de interacción en redes sociais, escasa presenza en medios locais e falta de continuidade nas actividades de sensibilización.

Conclusión

O plan de internacionalización debe enfocarse en abordar estas necesidades estratéxicas, promovendo unha maior implicación de toda a comunidade educativa, fortalecendo alianzas internacionais e aliñando os proxectos coas prioridades do centro. Isto permitirá maximizar o impacto das iniciativas internacionais e consolidar o instituto como referente en proxectos Erasmus+ na contorna.



4. OBXECTIVOS

En base aos sete bloques de necesidades detectados, establecemos os seguintes obxectivos xerais e específicos.

4.1 OBXECTIVOS XERAIS

- ❖ Impulsar a presenza de linguas e culturas estranxeiras no centro educativo mediante intercambios que faciliten a mobilidade de estudantes, docentes e colaboradores tanto cara a institucións internacionais como dende elas.
- ❖ Diseñar, colaborar e participar activamente en proxectos internacionais, promovendo a cooperación educativa máis alá das nosas fronteiras.
- ❖ Integrarse en iniciativas europeas e globais, adoptando un papel proactivo en redes e programas internacionais.
- ❖ Mellorar os recursos do centro para o ensino e a aprendizaxe, incorporando ferramentas innovadoras e enfoques pedagóxicos eficaces.
- ❖ Fomentar o intercambio e o enriquecemento cultural, integrando a diversidade como valor fundamental na vida escolar.
- ❖ Potenciar a dimensión internacional no desenvolvemento profesional docente, ofrecendo oportunidades de formación e experiencias en contextos educativos internacionais.
- ❖ Preparar ao alumnado para unha cidadanía global activa, máis alá da aprendizaxe de linguas, promovendo valores democráticos, inclusivos e sostibles.
- ❖ Promover a participación das familias en actividades educativas que leven asociado un intercambio cultural e de ideas con outras nacionalidades.
- ❖ Favorecer a innovación educativa, con especial atención á renovación metodolóxica e ao uso de boas prácticas internacionais.
- ❖ Contribuír á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) a través da colaboración con centros e institucións estranxeiras.

4.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS



1. Divulgar as actividades desenvolvidas dentro do plan de internacionalización en contextos locais, rexionais e nacionais, co fin de fortalecer a proxección internacional do centro.
2. Participar en redes profesionais de coñecemento e colaboración para facilitar a implicación en proxectos internacionais.
3. Identificar e destacar aqueles elementos curriculares que promoven a internacionalización do centro, dándoos a coñecer a toda a Comunidade Educativa.
4. Promover o papel do centro como escola mentora do Parlamento Europeo, compartindo boas prácticas e experiencias internacionais con outros centros educativos.
5. Mellorar a competencia lingüística do profesorado e do alumnado do instituto en linguas estranxeiras.
6. Establecer o maior número posible de alianzas e conexións estables de colaboración e intercambio de ideas, experiencias e coñecementos, con centros educativos doutros lugares e con outras realidades.
7. Mellorar a formación do profesorado e incentivar e promocionar a utilización de novas estratexias educativas eficaces, para abordar os retos educativos cos que nos enfrontamos cada día.
8. Motivar o interese e o respecto do alumnado para con outras culturas e outras maneiras diferentes de facer as cousas, así como mellorar a súa competencia social e de relación con outras realidades fóra do seu círculo de confianza.
9. Obter unha nova perspectiva a través do coñecemento doutros sistemas educativos e poñer en práctica métodos de ensino novos e innovadores
10. Implicar ás familias na organización, planificación e desenvolvemento das actuacións realizadas dentro dos proxectos propostos

5. ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN



EQUIPO RESPONSABLE

O Plan de Internacionalización do centro debe incluír como obxectivos fundamentais, por unha banda, o aliñamento coas prioridades e políticas educativas da Unión Europea, promovendo unha educación de calidade, inclusiva e innovadora; e, por outra, o fomento da mobilidade educativa dentro da UE, facilitando a participación do alumnado e do profesorado en programas internacionais que lles permitan adquirir novas competencias, coñecementos e experiencias nun contexto europeo.

Este plan debe desenvolverse en coherencia coa lexislación vixente, tanto a nivel europeo, como a nivel estatal e autonómico, concretamente na **Recomendación do Consello da Unión Europea** do 22 de maio de 2018 relativa ás competencias clave para a aprendizaxe (Diario Oficial da Unión Europea); **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro**, pola que se modifica a **Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación**, co **Decreto 156/2022, do 15 de setembro**, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, e coa **ORDE do 17 de xullo de 2007**, pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes. Esta última establece no seu artigo 6º que o profesorado que colabore en actividades como a **dinamización de programas internacionais** terá dereito a percibir dito complemento, recoñecendo así a relevancia destas funcións no marco da mellora da calidade educativa.

TAREFAS E RESPONSABILIDADES

Co obxectivo de asegurar unha xestión eficiente e coordinada do Plan de Internacionalización, establécense 5 diferentes comisións específicas, cada unha coas súas funcións concretas:

COMISIÓN DE ACTIVIDADES – COMISIÓN DE DIFUSIÓN –

COMISIÓN DE SELECCIÓN – COMISIÓN LOXÍSTICA – COMISIÓN ECONÓMICA

a) COMISIÓN DE ACTIVIDADES



Responsable da planificación, organización e seguimento das actividades formativas, culturais e pedagóxicas vinculadas ao proxectos internacionais.

Funcións principais:

- Propoñer e coordinar actividades relacionadas cos proxectos europeos (Erasmus+, eTwinning, Youth Hub, Escolas Embaixadoras do Parlamento Europeo, UNESCO rede de escolas asociadas, etc.).
- Establecer calendarios e protocolos de actuación.
- Garantir a integración das actividades internacionais no currículo.

b) **COMISIÓN DE DIFUSIÓN**

Encargada de dar visibilidade ao Plan de Internacionalización tanto dentro como fóra da comunidade educativa. Funcións principais:

- Elaborar materiais informativos (cartelaría, vídeos, presentacións).
- Xestionar a comunicación a través das canles oficiais do centro (web, redes sociais, boletíns).
- Difundir resultados e boas prácticas en colaboración con outras entidades.

c) **COMISIÓN DE SELECCIÓN**

Responsable de establecer os criterios e realizar os procesos de selección do alumnado e profesorado participante nas mobilidades internacionais. Esta comisión estará formada por profesorado do equipo Erasmus+ e por un profesor/a elixido/a do claustro. Funcións principais:

- Redactar e publicar as bases das convocatorias.
- Avaliar as solicitudes seguindo criterios obxectivos e transparentes.
- Comunicar os resultados ás persoas candidatas e atender posibles reclamacións.

d) **COMISIÓN LOXÍSTICA**

Encargada de organizar todos os aspectos prácticos e operativos relacionados coas mobilidades. Funcións principais:

- Xestionar reservas de transporte, aloxamento e seguros.
- Elaborar documentación necesaria (autorizacións, convenios, axendas).
- Coordinar coa entidade de acollida e apoiar o seguimento das mobilidades.



e) **COMISIÓN ECONÓMICA**

Responsable da planificación e control orzamentario dos fondos asignados ao Plan de Internacionalización. Funcións principais:

- Elaborar o orzamento das actividades e mobilidades.
- Controlar os gastos e asegurar o cumprimento dos requisitos financeiros dos programas europeos.
- Xestionar a documentación económica e colaborar na xustificación ante as autoridades competentes.

Estas comisións traballan de forma coordinada baixo a supervisión da comisión de internacionalización, liderada polo equipo directivo a través da figura da vicedirectora e COORDINADORA DOS PROGRAMAS EUROPEOS E INTERNACIONAIS, para garantir a correcta implementación e desenvolvemento do plan no marco das normativas educativas vixentes.

6. TEMPORALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS



Co fin de garantir unha implementación estruturada, coherente e eficaz do Plan de Internacionalización, establécense unha serie de **accións estratéxicas** que responden aos obxectivos marcados polas políticas educativas da Unión Europea e pola normativa estatal e autonómica vixente. Estas accións definen as áreas prioritarias de intervención do centro no proceso de internacionalización, como a mobilidade educativa, a formación do profesorado, a inclusión da dimensión europea no currículo, ou a colaboración con centros doutros países.

O conxunto das accións estrutúrase a través dun **calendario de actuacións** que recolle as actividades previstas e os prazos estimados. Este calendario serve como ferramenta de planificación, coordinación e avaliación do plan, permitindo facer un seguimento continuado e axustar as accións segundo as necesidades detectadas ao longo do proceso.

O desenvolvemento destas accións estará guiado polos principios de calidade, equidade, sustentabilidade e participación; buscando sempre un impacto real na comunidade educativa e a consolidación dunha cultura internacional no centro.

Actuacións	Cursos				
	22/23	23/24	24/25	25/26	26/27
Programa de Lingua Árabe e Cultura Marroquí					
Seccións Bilingües					
Escola Embaixadora do Parlamento Europeo					
Escola Mentora do Parlamento Europeo					
Acreditación Erasmus+					
Curso de Actualización Lingüística (Dept. Orientación)					
Springweek Alumnado 2ºESO					
Participación en eTwinning					



Obtención de selos de calidade eTwinning					
Obtención do nomeamento como Escola eTwinning					
Converternos nun referente en eTwinning					
Excursión Fin de Curso (Malta)					
English Week					
Mobilidade de Alumnado a Freixo (Portugal)					
Mobilidade de Alumnado a Draguiñán (Francia)					
Recepción de Alumnado de Draguiñán (Francia)					
Visita do experto Tibor Prievara					
Elaboración de Plan de Difusión de Internacionalización					
Viaxe de Alumnado de 4ºESO e 1ºBACH a Exmouth (Inglaterra)					
Simulacro de Eleccións e Votación de Representantes ao Parlamento Europeo no Centro					
Asociación para a cooperación a pequena escala con Dinamarca e Macedonia do Norte no Proxecto IDEAS					
Viaxe a Bruxelas invitados pola Eurodiputada					
Selo de calidade nacional e europeo polos proxectos eTwinning					
Mobilidade de Profesorado a Macedonia dentro do Proxecto IDEAS					
Viaxe de Fin de Curso ao estranxeiro					
Formación da Coordinadora Erasmus+ sobre a internacionalización					
Formación da Consellería e SEPIE sobre a internacionalización					
Mobilidade de Intercambio de Longa Duración de alumnado de 1º BACH a Hungría					



Viaxe de Inmersión Lingüística de alumnado de 3º e 4º ESO a Cirencester (Inglaterra)					
Mobilidade de Intercambio de Longa Duración de alumnado de 4º ESO a Francia					
Mobilidades de grupo (Grecia, Eslovaquia, Lituania ou Rumanía)					
Participación en programas de Observa-Acción docente no exterior					
Participación na Agrupación de Centros Educativos do Ministerios					
Creación de rede de centros colaboradores europeos					
Potenciación da Eurocidade Chaves-Verín e as Escolas de Fronteira					
Dar formación dende o centro para difusión de experiencias					
Recibir formación sobre internacionalización					
Oferta formativa en internacionalización a través dos Plans de Formación do Profesorado					
Análise da consecución de obxectivos e propostas de mellora					

O deseño, desenvolvemento e seguimento destas actuacións contarán coa coordinación da **coordinadora de programas europeos e internacionais**. Entre as súas tarefas destacan:

- A supervisión global do Plan de Internacionalización.
- A coordinación entre as distintas comisións implicadas.
- A comunicación cos organismos nacionais e internacionais.
- A xestión da documentación dos proxectos europeos e o contacto co SEPIE.
- A promoción da participación de profesorado e alumnado nas iniciativas europeas.
- A avaliación do impacto das accións desenvolvidas e a elaboración de informes para a mellora continua do plan.



7. AVALIACIÓN

A avaliación enténdese coma un PROCESO de recollida de información, análise e reflexión para mellorar e enriquecer o proceso en prol da calidade educativa.

Toda avaliación debe desenvolverse a través de diferentes MOMENTOS e para levar a cabo todo o proceso de Avaliación necesitamos dunhas TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, que son os métodos usados para desenvolver a avaliación como un “proceso”. En cada tipo de avaliación salientamos os instrumentos máis destacables.

- **AVALIACIÓN INICIAL**: É a que nos permite establecer as necesidades do centro e da comunidade educativa para establecer as liñas de actuación do Plan de Internacionalización. Mediante a mesma coñecemos onde estamos, con quen traballamos e cal é a situación da que partimos. Esta avaliación inicial está en consonancia coa DETECCIÓN DE NECESIDADES que nos permite establecer os obxectivos. Para esta avaliación utilízanse os seguintes instrumentos:
 - Revisión de documentos e informes
 - Triangulación de datos a través de reunións cos diferentes implicados/as (profesorado, alumnado, familias, dirección...)
 - Enquisas e cuestionarios (antes da posta en marcha dos Programas e accións relacionadas coa internacionalización)
- **AVALIACIÓN CONTINUA**: É necesario levar a cabo un **seguimento** que permitirá a toma de decisións durante a implementación dos Programas Erasmus+ e outros que se desenvolvan no centro. Permite introducir modificacións para adaptarnos ao dinamismo da realidade; por iso será desenvolta a través de coordinacións mensuais ou calquera outra cadencia que se determine.

Salientamos os seguintes instrumentos e técnicas:



- Seguimento a través de reunións cos diferentes implicados/as (profesorado, alumnado, familias, dirección...)
 - Enquisas e cuestionarios (durante as actuacións dos Programas)
 - Dashboards ou fichas de rexistro acumulativo dos programas e actividades para ter información sobre o realizado e poder concretar unha liña temporal
 - Coavaliación e autoavaliación a través da reflexión continua
- **AVALIACIÓN FINAL:** Non é a simple constatación de datos finais senón a toma de conciencia e reflexión do desenvolto neste eido. Esta avaliación ten carácter **FORMATIVO**, xa que se pretende analizar e reflexionar para reorientar o proceso e para lograr establecer propostas de mellora para programas e actuacións futuras. Nesta avaliación é necesario ter como referencia os Obxectivos marcados no propio Plan polo que debemos establecer uns criterios de avaliación para valorar o grao de consecución dos mesmos.

Para levar a cabo unha avaliación máis obxectiva consideramos ter como referente os **INDICADORES DE LOGRO** que concretan o acadado dunha forma tanto cualitativa como cuantitativa en relación ás actuacións do Plan de Internacionalización. A través do seguinte cadro podemos visualizar os indicadores de logro en relación aos obxectivos marcados no plan.

INDICADORES DE LOGRO	Aumenta: X	Sen cambios: X	Diminúe: X
Obxectivo 1: Divulgar as actividades desenvolvidas dentro do plan de internacionalización en contextos locais, rexionais e nacionais, co fin de fortalecer a proxección internacional do centro.			
Número de actuacións realizadas nos proxectos desenvoltas no concello, provincia ou comunidade autónoma	X	X	X
Asociacións ou entidades participantes que enriquecen a proxección internacional	X	X	X
Redes e plataformas de comunicación usadas como canle de difusión do Plan de internacionalización: redes, blog, web	X	X	X
Información dos nosos proxectos internacionais en redes locais	X	X	X
Obxectivo 2: Participar en redes profesionais de coñecemento e colaboración para facilitar a implicación en proxectos internacionais.			



Profesorado que forma parte da plataforma eTwinning e outras redes profesionais de colaboración internacional	X	X	X
Número de centros europeos colaboradores nos proxectos Erasmus+ do centro	X	X	X
Obxectivo 3: Identificar e destacar aqueles elementos curriculares que promoven a internacionalización do centro, dándoos a coñecer a toda a Comunidade Educativa.			
Realización da Semana Intercultural e da English week	X	X	X
Elaboración dun documento ou presentación interna na que algúns departamentos didácticos identifiquen actividades ou contidos curriculares que promoven competencias internacionais (idiomas, cidadanía europea, historia común, sostibilidade...).	X	X	X
Obxectivo 4: Promover o papel do centro como escola mentora do Parlamento Europeo, compartindo boas prácticas e experiencias internacionais con outros centros educativos.			
Número de actividades de intercambio ou colaboración con outros centros educativos, nacionais ou internacionais, para compartir as boas prácticas relacionadas co Parlamento Europeo	X	X	X
Establecemento dunha rede de colaboración con outros centros educativos europeos nas que se compartan experiencias e actividades no marco do Parlamento Europeo	X	X	X
Obxectivo 5: Mellorar a competencia lingüística do profesorado e do alumnado do instituto, especialmente en inglés.			
Nivel de competencia lingüística do alumnado e profesorado a través das certificacións e probas	X	X	X
Número de cursos e formación do profesorado realizados.	X	X	X
Numero de alumnos/as que participa en actividades e programas centrados na mellora de competencia lingüística	X	X	X
Obxectivo 6: Establecer o maior número posible de alianzas e conexións estables de colaboración e intercambio de ideas, experiencias e coñecementos, con centros educativos doutros lugares e con outras realidades.			
Número de centros educativos socios cos que temos conexións e alianzas	X	X	X



Número de proxectos en Etwinning desenvoltos polo profesorado	X	X	X
Accións que conleven relación con outros centros educativos dentro e fóra do noso país.	X	X	X
Obxectivo 7: Mellorar a formación do profesorado e incentivar e promocionar a utilización de novas estratexias educativas eficaces, para abordar os retos educativos cos que nos enfrontamos cada día.			
Número de formacións realizadas polo profesorado en relación a novas estratexias educativas	X	X	X
Mobilidades realizadas polo profesorado: cursos ou observacións	X	X	X
Satisfacción do profesorado pola formación e enriquecemento do súa labor docente e educadora	X	X	X
Obxectivo 8: Motivar o interese e o respecto do alumnado para con outras culturas e outras maneiras diferentes de facer as cousas, así como mellorar a súa competencia social e de relación con outras realidades fóra do seu círculo de confianza.			
Porcentaxe de alumnado do centro que participa en mobilidades	X	X	X
Número de actividades realizadas no centro para promocionar o coñecemento doutras culturas	X	X	X
Conmemoracións realizadas ao longo do curso: día de Europa, día das linguas europeas, semana intercultural...	X	X	X
Número de mobilidades doutros países que recibimos no centro	X	X	X
Obxectivo 9: Obter unha nova perspectiva a través do coñecemento doutros sistemas educativos e poñer en práctica métodos de ensino novos e innovadores			
Accións informativas e formativas ao Claustro de profesoras/es das accións desenvoltas nos proxectos Erasmus+	X	X	X
Incorporación de ideas, metodoloxías, recursos e accións herdadas das aprendizaxes doutros sistemas educativos	X	X	X
Obxectivo 10: Implicar ás familias na organización, planificación e desenvolvemento das actuacións realizadas dentro dos proxectos propostos			
Número de familias participantes nas modalidades	X	X	X
Actividades realizadas coa participación das familias	X	X	X
Porcentaxe de enquisas cubertas cun grao alto de satisfacción por parte das familias	X	X	X



Cofinanciado por
la Unión Europea



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA
XESÚS TABOADA CHIVITE

Plan de
internacionalización